

Capítulo:	
Epígrafe:	

SUMARIO:

ORDE do 18 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2026 para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas a proxectos de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción e que contribúan a unha mellora da xestión e conservación sustentables dos recursos mariños, tramitada como anticipada de gasto (código de procedemento PE209H).

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, sinala nos seus artigos 1 e 2 que esta Lei ten por obxecto a regulación, no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, entre outras materias, a da adopción de medidas de conservación, protección e rexeneración dos recursos mariños vivos e que a política pesqueira galega ten por finalidade a viabilidade duradeira do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola galego, garantindo a mellora das condicións de vida e traballo das persoas que se dedican a estas actividades mediante a explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos.

A xestión sustentable dos recursos marisqueiros enmárcase en plans de explotación e xestión nos cales se desenvolven diversas medidas que melloran a protección, conservación e sustentabilidade dos recursos. Estas actuacións tamén contribúen a acadar os obxectivos da Directiva marco sobre estratexia mariña (DMEM), trasposta ao ordenamento xurídico español pola Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño.

O obxecto da presente orde é o desenvolvemento de proxectos que teñan por obxecto a conservación de poboacións de especies de interese marisqueiro ou que contribúan a unha mellor xestión de especies. Os proxectos velarán polo desenvolvemento sustentable das zonas de pesca evitando o abandono de zonas produtivas en que se estea a dar unha perda de produtividade.

Os posibles beneficiarios das subvenciones serán as confrarías de pescadores, as organizacións de produtores, as cooperativas do mar, as asociacións de profesionais do sector e as demais entidades asociativas xuridicamente recoñecidas e constituídas por profesionais do sector, sempre que sexan entidades titulares de plans

marisqueiros en réxime de coxestión e teñan a sede social na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na súa virtude facendo uso das facultades que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras xerais, e a convocatoria para o ano 2026, para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas a proxectos de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción e que contribúan á mellora da xestión e conservación sustentables dos recursos mariños (código do procedemento PE209H).

Estas axudas acóllense ao réxime de *minimis* de acordo co establecido no Regulamento (UE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* no sector da pesca e da acuicultura.

Artigo 2. *Marco normativo*

Para o outorgamento e execución destas subvencións atenderase ao disposto nas bases reguladoras establecidas nesta orde, así como nas normas seguintes:

a) Preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

b) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, coas súas posteriores modificacións.

e) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

f) Decreto 132/2006, do 27 de xullo, en materia de rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións.

g) Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

h) Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

i) Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

j) Regulamento (UE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* no sector da pesca e da acuicultura.

k) Real decreto 1149/2011 polo que se establece e regula o rexistro español de axudas de *minimis* no sector pesqueiro.

Artigo 3. *Crédito orzamentario e contía das axudas*

1. As axudas concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 16.03.723A.770.1 código de proxecto 2024 142, na cal existe crédito adecuado e suficiente no proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 17 de outubro de 2025.

Esta orde tramítase ao abeiro do disposto no artigo 1.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, quedando a concesión das subvencións sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

As axudas reguladas na presente convocatoria fináncianse con fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O importe máximo das subvencións que se concedan en 2026 será de trescentos mil euros (300.000 €) nunha única anualidade, a do 2026.

3. Os importes consignados, así como as aplicacións a que se imputan, poderán ser ampliados en función das disponibilidades orzamentarias sen que iso dea lugar á apertura de novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contrario na orde que se publique para o efecto. En todo caso, a concesión das axudas estará limitada ás disponibilidades orzamentarias.

4. A contía da axuda terá un límite máximo que non pode superar o establecido no artigo 3, apartado 2 bis, do Regulamento (UE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, na modificación introducida polo Regulamento (UE) 2023/2391 da Comisión, do 4 de outubro de 2023, isto é, 40.000 euros durante un período calquera de tres exercicios fiscais, sempre que o Estado membro dispoña dun rexistro central nacional de conformidade co artigo 6, apartado 2, do citado regulamento.

Artigo 4. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán ser entidades beneficiarias das subvencións as confrarías de pescadores, as organizacións de produtores, as cooperativas do mar, as asociacións de profesionais do sector e as demais entidades asociativas xuridicamente recoñecidas e constituídas por profesionais do sector, sempre que sexan entidades titulares de plans marisqueiros en réxime de coxestión e teñan a sede social na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Non poderán obter a condición de beneficiario aquelas entidades en que concorra algunha das circunstancias previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. As entidades sinaladas no parágrafo primeiro deste artigo poderán concorrer de xeito individual ou conxuntamente como unha agrupación de entidades. Neste último caso, deberán facer constar expresamente na solicitude que compromisos corresponderán a cada unha delas na execución das accións, así como o importe da subvención solicitada que corresponderá a cada unha delas. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, que será unha das entidades solicitantes, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que como beneficiaria corresponden á agrupación. Os compromisos de participación conxunta, así como o nomeamento de apoderado, deberán ratificarse mediante documento outorgado ante o órgano de xestión unha vez notificada a concesión da axuda.

4. No caso de incumprimento por parte dunha agrupación de entidades, consideraranse responsables todos os beneficiarios integrados nela en relación coas actividades subvencionadas que se comprometesen a realizar, ou solidariamente cando non for posible determinar o alcance das obrigas correspondentes a cada un deles.

5. A agrupación non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo establece o artigo 8 desta lei.

6. Cada unha das entidades sinaladas no parágrafo primeiro deste artigo só poderá formular unha solicitude de axuda de proxectos como máximo, sexa individual ou

conxunta. No caso de presentar máis, só será considerada para entrar no procedemento a primeira solicitude segundo a orde de rexistro de entrada na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 5. *Obrigas das entidades beneficiarias*

1. As entidades beneficiarias, ao formalizaren a solicitude, sométense voluntariamente ao cumprimento das condicións que se establecen nesta orde para a concesión e pagamento das subvencións, así como ao cumprimento dos requisitos estipulados na normativa de aplicación a estas.

2. As entidades beneficiarias deberán:

a) Realizar e xustificar as actividades para as cales se conceda a subvención nos termos e prazos indicados na resolución de concesión e no proxecto que lles sirva de base. A falta execución de, polo menos, o 50 % do gasto total subvencionado, poderá levar á perda do dereito á totalidade da axuda concedida.

b) Acreditar, mediante declaración responsable, que non teñen pendente de pagamento ningunha obriga por reintegro de subvencións.

c) Acreditar, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, que se encontran ao corrente na súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) No caso de proxectos conxuntos, ratificar ante o órgano de xestión o acordo de colaboración para a execución do proxecto, unha vez notificada a concesión da axuda.

e) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución ou a consecución dos fins para os cales foi concedida a axuda de que se trate. Así mesmo, comunicar a obtención de axudas de *minimis*.

f) Facilitar toda a información que lles sexa requirida en relación coas subvencións e someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a entidade concedente, así como aos órganos de fiscalización e control da Comunidade Autónoma de Galicia, da Administración xeral do Estado e da Unión Europea.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un período mínimo de cinco anos desde a percepción do último pagamento, para

os efectos de comprobación e control.

h) Manter un sistema de contabilidade separado ou ben asignar un código contable axeitado que permita coñecer todas as transaccións relacionadas coa operación que se subvenciona, así como proporcionar toda a información e datos necesarios para poder proceder ao seguimento e avaliación do proxecto aprobado.

i) Todas as entidades solicitantes deberán presentar unha declaración responsable na que conste non ter iniciado a actuación ou o investimento antes da data de presentación da solicitude.

j) As entidades beneficiarias deberán dar axeitada publicidade do carácter publico do financiamento. Para tal obxecto, deberá ter exposto nun lugar público un cartel de tamaño mínimo A-3 onde se especifique o nome do beneficiario ou dos beneficiarios, de ser un proxecto conxunto, o nome do proxecto, o importe concedido e a modalidade de financiamento a cargo dos fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia, así como facer figurar a imaxe institucional da Consellería do Mar como concedente da axuda. Así mesmo, farase unha descrición do proxecto subvencionado no sitio da internet, no caso de que dispoña dun.

3. De acordo co establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión de subvención comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia, co fin de acreditar que o solicitante está ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, en cuxo caso deberá presentar a certificación nos termos previstos regulamentariamente. Se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non poden ser obtidas polo órgano xestor, poderán serlle requiridos ao interesado.

Artigo 6. *Proxectos obxecto de subvención*

1. Poderán ser obxecto de subvención, de conformidade con esta orde, proxectos que se desenvolvan na Comunidade Autónoma de Galicia, que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción e que contribúan á mellora da xestión e conservación sustentables dos recursos mariños.

Serán subvencionables, ao abeiro desta convocatoria, os gastos de adquisición de semente nas seguintes condicións:

1.1. O importe máximo subvencionable por proxecto será de 15.000,00 € (sen IVE).

1.2. Por cada unidade de semente será subvencionable, como máximo, un importe de 0,020 € (sen IVE).

2. Non serán obxecto de subvención aqueles proxectos que non sexan tecnicamente viables.

En ningún caso se subvencionarán proxectos para desenvolver en zonas que estean dentro dun parque natural ou nacional.

3. O acondicionamento do substrato deberá ser previo á realización das accións subvencionables. A entidade beneficiaria deberá xustificar que o substrato está debidamente acondicionado antes de proceder á sementeira.

4. Os proxectos serán de carácter anual e coas limitacións recollidas no artigo 7 desta orde.

Artigo 7. *Gastos subvencionables*

1. Poderán concederse subvencións para a adquisición de semente de especies marisqueiras, sempre que este gasto sexa necesario para a execución dos proxectos referidos no artigo anterior, coas seguintes condicións:

a) Soamente se poderá actuar sobre zonas onde se teña constatado unha perda de produción das especies obxectivo, polo menos nos últimos 12 meses anteriores á data de solicitude.

b) A semente deberá proceder exclusivamente de criadeiro.

c) En calquera caso, requirirase permiso de inmersión, segundo o establecido no Decreto 423/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de marisqueo, extracción de algas e cultivos mariños.

d) Que a especie obxecto do proxecto se atope no catálogo de especies comerciais, segundo a Resolución do 24 de maio de 2019, de la Secretaría Xeral de Pesca, pola que se publica a lista de denominacións comerciais de especies pesqueiras y de acuicultura admitidas en España ou normativa que a substitúa.

2. Os gastos subvencionables son os custos efectivamente asumidos polo/a perceptor/a dunha subvención e que se axustan aos seguintes requisitos xerais:

a) Que se efectúen ao longo da duración da acción.

b) Que se consignen no orzamento estimado total do proxecto e respondan de maneira indubidable á natureza da operación subvencionada.

c) Que sexan necesarios para a execución da acción obxecto da subvención.

d) Que fosen pagados pola persoa beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación. Considérase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extracto ou certificacións bancarias debidamente identificados.

e) Que sexan identificables e verificables, en particular, que consten na contabilidade do beneficiario e se inscribisen de acordo coas normas contables e de conformidade coas prácticas contables habituais do beneficiario en materia de gastos.

f) Que cumpran co disposto na lexislación fiscal e social aplicable.

g) Que sexan razoables e xustificados e cumpran co principio de boa xestión financeira, en especial no referente á economía e relación custo/eficacia.

3. Consideraranse subvencionables os gastos realizados e pagados entre a data da solicitude e o 31 de outubro de 2026. Non obstante, as operacións non se seleccionarán para recibir axuda se concluíron materialmente ou se executaron integramente antes de que o beneficiario presente a solicitude de axuda; para os ditos efectos, será necesario realizar unha acta de comprobación previa por parte dos servizos da Consellería do Mar, en caso de investimentos materiais. A non realización de investimentos inmateriais con anterioridade á data de presentación da solicitude de axuda será demostrada mediante a data da factura correspondente. A realización da acta de comprobación previa, en ningún caso implica dereito nin mérito para a concesión da axuda.

4. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para os contratos menores, segundo o establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24 UE, do 26 de febreiro de 2014, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren. tal e como establece o artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse coa xustificación ou, de ser o caso, coa solicitude de subvención, realizarase de conformidade con

criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

5. O beneficiario poderá subcontratar a actividade subvencionada ata o 100 %, sempre tendo en conta as limitacións establecidas no artigo 27 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e no seu regulamento.

Artigo 8. *Gastos non subvencionables*

Non serán subvencionables os gastos relativos a:

- a) Alugamentos.
- b) Adquisición de terreos e inmobles.
- c) Adquisición de material, mobiliario e equipamento de oficina.
- d) Adquisición de vestiario e equipamento persoal.
- e) Aparellos e materiais de pesca e marisqueo.
- f) Os gastos de funcionamento, mantemento e conservación dos bens e equipamentos.
- g) Os gastos de manutención e desprazamento de persoas e os de representación.
- h) O imposto sobre o valor engadido (IVE), excepto:

1º. Para as operacións cuxo coste total sexa inferior a 5 millóns de euros (IVE incluído),

2º. Para as operacións cuxo coste total sexa de, polo menos, 5 millóns de euros (IVE incluído) cando este non sexa recuperable conforme á lexislación nacional sobre el IVE.

i) A modernización ou acondicionamento de maquinaria, instalacións, locais, equipamentos, elementos auxiliares ou calquera outro tipo de ben, comprendidos en proxectos de investimento cuxo financiamento se realizase con axudas públicas, durante os cinco anos inmediatamente anteriores á solicitude.

j) Os custos indirectos.

k) Calquera gasto que, de acordo coa normativa aplicable, resulte ser non subvencionable.

Artigo 9. *Intensidade da axuda*

1. A porcentaxe máxima das axudas poderá acadar o 100 % do investimento subvencionable en cada unha das accións, de acordo co previsto na presente orde. Non obstante, a intensidade da axuda estará condicionada ás dispoñibilidades orzamentarias; de superalas, deberá axustarse a estas limitacións orzamentarias respectando, en todo caso, os principios da concorrência competitiva. A Comisión de Avaliación poderá limitar a contía dos gastos elixibles que considere non xustificadas debidamente no proxecto, tanto en canto ao seu número como á súa valoración ou á súa necesidade.

2. No caso de proxectos que prevexan investimentos substancialmente idénticos, poderase establecer unha contía de subvención para todos eles, independentemente do importe solicitado.

3. Os rendementos financeiros que se xeren polos fondos liberados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente á actividade subvencionada.

4. Manterase a axuda, pero minorarase na fase de pagamento, se o investimento material realizado é, por causa debidamente motivada, de contía inferior á que se considerou subvencionable, e na mesma proporción.

Artigo 10. *Compatibilidade da axuda*

1. As axudas recollidas nesta orde serán compatibles con calquera outra axuda, subvención ou recurso público ou privado, sempre que o importe acumulado das axudas non exceda o custo da actividade subvencionada.

2. No suposto de que a suma de todas as axudas supere os devanditos límites, procederase, por resolución do órgano concedente, á minoración da axuda concedida.

Artigo 11. *Prazos de presentación de solicitudes e de resolución*

1. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Enténdese como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, enténdese que o prazo expira o último día de mes. No caso de que o último día sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

2. A resolución de concesión emitirase e notificarase aos interesados no prazo máximo de cinco (5) meses desde a publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. O vencemento do prazo máximo indicado sen que se notifique a resolución

posibilitará que os interesados poidan entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

3. De non esgotarse o crédito dispoñible ou de resultar incrementado este posteriormente en virtude de renuncias, de modificación de resolucións de outorgamento ou de dotacións orzamentarias adicionais, poderase emitir unha nova proposta de resolución na cal se terán en conta as solicitudes que formen parte da listaxe de reserva a que se refire o artigo 19.2 desta orde.

Artigo 12. *Forma de presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (Anexo I - Solicitude) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Forma parte de cada solicitude a declaración responsable que contén esta e na que se fan constar os seguintes aspectos:

a) Que cumpre os requisitos para obter a condición de entidade beneficiaria segundo o disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Que non foi sancionada coa imposibilidade de obter préstamos, subvencións, ou axudas públicas, de acordo co previsto no título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, e do título XIV da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia.

c) Que cumpre coas obrigas establecidas nos artigos 55 e 58 ou as obrigas de constitución dos órganos reitores recollidas nas seccións 3ª e 4ª do capítulo IX do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, que regula as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións, tal e como sinala a disposición adicional segunda do mesmo decreto.

d) Que non é unha empresa en crise segundo a definición e condicións establecidas nas directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e reestruturación de empresas en crise (2014/C249/01).

e) Que comunica o conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes.

Incluirase a información sobre outras axudas de *minimis* cubertas polo Regulamento(UE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño, para as axudas de *minimis* no sector da pesca e da acuicultura ou por outros regulamentos de *minimis*, recibidas durante o exercicio fiscal correspondente e os dous exercicios fiscais anteriores, de ser o caso.

f) Que non iniciou a actuación ou o investimento antes da data de presentación da solicitude.

g) Que está ao corrente no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A presentación da solicitude de subvención pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade das declaracións anteriores, por calquera medio ou rexistro dispoñible.

2. As solicitudes virán asinadas polo representante legal da entidade solicitante; se son formuladas por varias entidades conxuntamente, deberán vir asinadas polo representante legal da entidade que exerza a representación de todas elas.

Artigo 13. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da personalidade:

a.1) Certificación do órgano competente na que se acredite o desempeño actual do cargo por parte do asinante e se especifique o acordo polo que se lle concede a este autorización para formalizar a solicitude. Se actúa en virtude de atribucións fixadas nos estatutos, indicarse así na solicitude, citando a disposición que recolle a competencia.

a.2) Se a entidade solicitante non é unha confraría de pescadores ou federación de confrarías, copia dos seus estatutos. Non será necesario achegar este documento cando xa conste nos arquivos da Consellería do Mar por telo presentado nun procedemento administrativo nos últimos cinco (5) anos. Neste caso, deberá indicarse o procedemento, a data de presentación e o órgano ante o cal se presentou.

b) Memoria do proxecto que permita determinar a viabilidade do proxecto e realizar a súa valoración, conforme aos criterios establecidos no artigo 18 desta orde de bases reguladoras.

A memoria do proxecto deberá conter toda a información indicada nos puntos b.1 ao b.5 deste artigo. Non serán admitidas a trámite aquelas solicitudes nas que se aprecie ausencia desta información ou non sexa presentada segundo o modelo P; nestes casos emitirase resolución de inadmisión.

b.1) Descrición das accións emprendidas pola entidade solicitante nos últimos dous anos, dirixidas á mellora da xestión ou da produtividade das zonas explotadas, indicando o custo de cada unha delas e o grao de consecución dos obxectivos esperados.

b.2) Explicación das necesidades que se pretenden cubrir e obxectivos perseguidos. Deberase especificar expresamente a situación de baixada de produtividade que leva á solicitude de axuda, achegando os datos necesarios para xustificar a necesidade do proxecto.

b.3) Descrición das accións que se pretenden acometer.

b.4) Calendario de realización das accións previstas.

b.5) Plano de localización de todas as accións previstas no proxecto coas coordenadas xeográficas dos vértices, utilizando preferentemente o sistema de coordenadas xeográficas UTM (Universal Tranverse Mercator). En caso de non poder utilizar este sistema UTM deberá indicar o sistema de referencia empregado.

Para a realización desta memoria do proxecto deberá utilizarse como modelo o Modelo P: Memoria proxecto colectivo (PE209H) que pode consultarse na páxina web <https://mar.xunta.gal/gl/o-sector/proxectos-colectivos> da Consellería do Mar.

No caso de que o proxecto poida desenvolverse por fases susceptibles de produciren efectos independentes, farase constar de xeito expreso e describirase cada unha delas por separado.

c) Orzamento detallado de cada unha das accións propostas, no que o IVE deberá

vir separado, segundo o anexo II e acompañado da documentación xustificativa dos custos incluídos (orzamentos, facturas pro forma, etc.).

Se é o caso, tamén se deberá acreditar a solicitude de 3 ofertas e a xustificación da seleccionada, de acordo co indicado no artigo 7.4 desta orde.

d) Copia de concesións, autorizacións, permisos ou licenzas, segundo o caso, ou da xustificación de telos solicitado aos organismos correspondentes, necesarios para levar a cabo os investimentos previstos e a súa posterior posta en produción.

e) No caso das solicitudes nas que se proxecte a execución de accións en zonas incluídas nun plan de explotación e xestión conxunto con outras entidades, escrito de conformidade co proxecto dos demais cotitulares do plan.

2. No caso de solicitudes formuladas conxuntamente, as persoas interesadas deberán achegar coa solicitude o anexo III de declaración de financiamento do proxecto e declaración responsable de non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións e a documentación adicional que nel se especifica:

a) Acordo de nomeamento do representante ou apoderado único para os efectos da subvención, asinado polos representantes de todas as entidades solicitantes.

b) Distribución dos compromisos que corresponda executar a cada un dos solicitantes, así como o importe da subvención solicitada para cada un deles.

c) Documentación sinalada nas alíneas a.1), a.2), b.1) e b.2) do punto 1 deste artigo por cada un dos solicitantes. A documentación referida nestas alíneas b.1) e b.2) débese incluír na memoria do proxecto técnico ou anteproxecto valorado.

3. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada a calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderáselle solicitar novamente á persoa interesada que os achegue.

4. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pódese consultar na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 14. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI/NIE da persoa representante.
- b) Certificado de estar ao corrente do pagamento coa Seguridade Social.
- c) Certificado de estar ao corrente no pagamento das débedas á Administración pública da Comunidade Autónoma.
- d) Concesións de subvencións e axudas.
- e) Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
- f) Concesións pola regra de *minimis*.
- g) NIF da entidade solicitante (anexo I)

h) NIF da entidade declarante (anexo III)

i) Certificado de estar ao corrente no pagamento de obrigas tributarias á AEAT.

Para solicitudes conxuntas esta consulta se realizará para cada una das entidades, se é o caso.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado do anexo I ou anexo III, segundo o caso, e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos acreditativos correspondentes.

Artigo 15. *Emenda da solicitude*

1. Os órganos responsables da tramitación das solicitudes comprobarán que estas reúnen todos os requisitos recollidos nesta orde. No caso contrario poráselles de manifesto por escrito aos interesados para que nun prazo de dez (10) días hábiles remitan cantos datos, documentos complementarios e aclaracións se consideren necesarios para poder resolver o expediente, coa indicación de que, se así non o fixeren, se considerará que desistiron da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas polo órgano instructor, de conformidade co disposto no artigo 5.3, resulta que o solicitante non está ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias e sociais ou das débedas á Comunidade Autónoma.

2. Sen prexuízo do sinalado nos parágrafos precedentes, en calquera momento do procedemento o servizo xestor poderalle requirir a entidade solicitante para que remita aqueles datos ou documentos complementarios que resulten necesarios para a tramitación e adopción da resolución que proceda.

Artigo 16. *Órganos de instrución, xestión e resolución*

1. A ordenación e instrución dos expedientes será realizada polo Servizo de

Xestión de Proxectos da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, que realizará de oficio as actuacións que coide necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se deba formular a proposta de resolución.

O órgano instructor elevará ao órgano concedente as propostas de inadmisión das solicitudes nas que:

- A entidade solicitante non poida ser beneficiaria da axuda, xa sexa por incumprir o sinalado no número 1 do artigo 4 ou por concorrer nela algunha das circunstancias recollidas no número 2 do mesmo artigo.
- O proxecto presentado se atope na situación sinalada no artigo 6.2.

Estas solicitudes xa non pasarán á fase de avaliación.

Tamén elaborará e presentará á Comisión de Avaliación un informe de cualificación das solicitudes sobre o cumprimento dos requisitos establecidos nas bases reguladoras.

2. A resolución das solicitudes corresponde á persoa titular da Consellería do Mar.

Artigo 17. *Comisión de Avaliación*

1. Unha vez completos os expedientes, serán remitidos a unha Comisión de Avaliación constituída na Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, que os examinará e valorará logo de aplicar os criterios que se sinalan no artigo seguinte. O resultado da avaliación reflectirase nun informe que se incorporará ao expediente.

2. A Comisión de Avaliación estará formada polos seguintes membros:

Presidencia: a persoa titular da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Vogais: dúas persoas do cadro de persoal da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, e unha por cada unha das súas xefaturas territoriais, designadas pola presidencia.

Un dos vogais da comisión exercerá a secretaría da Comisión.

En caso de imposibilidade de asistir a algunha das sesións, os membros da Comisión poderán ser substituídos por quen designe a presidencia.

A Comisión poderá actuar asistida polos asesores que xulgue convenientes.

3. A Comisión de Avaliación terá a condición de órgano colexiado e o seu funcionamento rexeráse polo establecido no título I, capítulo I, sección 3ª da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia.

Artigo 18. *Criterios de avaliación*

Unha vez determinados o cumprimento de requisitos e a viabilidade técnica dos proxectos, a Comisión valorará os proxectos segundo os criterios ponderados co valor que se indica e que servirán de base para a determinación da prelación das solicitudes:

a) Viabilidade técnica do proxecto: máximo 10 puntos

a.1) Relevancia e necesidade do proxecto: 4 puntos.

a.2) Calidade, detalle e coherencia da memoria: 2 puntos.

a.3) Concreción dos obxectivos: 2 puntos.

a.4) Efectos beneficiosos sobre o medio ambiente: 2 puntos.

b) Grao de participación entre entidades que cumpran co establecido no artigo 4: máximo 8 puntos.

b.1) Proxecto para desenvolver entre varias entidades: 2 puntos.

b.2) Intensidade da participación: un punto por entidade participante ata un máximo de 3 puntos.

b.3) Traxectoria das entidades solicitantes/participantes: un punto por entidade participante ata un máximo de 3 puntos.

c) Dimensionalidade do proxecto: máximo 8 puntos.

c.1) Demanda de novos permisos PERMEX nas entidades participantes do proxecto: 2 puntos.

c.2) Utilización de medios propios da entidade solicitante: 2 puntos.

c.3) Porcentaxe de custo asumido pola entidade sobre o importe do proxecto: 1 punto por cada 5 %, ata un máximo de 4 puntos.

No caso de empate nas puntuacións finais obtidas por dúas ou máis solicitudes, procederase ao seu desempate, en primeira instancia, en función da puntuación obtida

na alínea a) dos criterios de avaliación, no caso de persistir o empate, prevalecerá a puntuación obtida alínea b) e, de ser necesario, por último, daráselle prevalencia á puntuación obtida na alínea c) dos criterios de avaliación desenvoltos no presente artigo.

A Comisión de Avaliación poderá:

- Propoñer a non concesión ou minoración da axuda cando o custo proposto pola entidade solicitante dos gastos subvencionables non estea debidamente xustificado no proxecto presentado.

- Establecer, á vista das solicitudes presentadas, límites máximos de investimento subvencionable.

No caso de que exista crédito suficiente para atender o importe elixible de todas as solicitudes da convocatoria non será necesario que a Comisión de Avaliación determine a súa prelación, podendo eludir a avaliación individualizada de cada expediente.

Artigo 19. *Proposta de resolución*

1. Logo de deliberación, a presidencia da Comisión de Avaliación formularalle ao órgano concedente a proposta de resolución, que indicará de xeito individualizado os beneficiarios, os proxectos seleccionados e as accións para as cales se propón a subvención, así como o importe da subvención proposta para cada unha delas.

2. Establecerase unha listaxe de reserva con aquelas solicitudes que, reunindo os requisitos establecidos na orde de convocatoria e sendo consideradas viables pola Comisión, non acadasen a puntuación necesaria para seren seleccionadas por falta de crédito. No caso de dispoñibilidades orzamentarias adicionais, de conformidade co disposto no artigo 11.3 desta orde, emitirase unha nova proposta na que se terán en conta as solicitudes da listaxe de reserva.

Artigo 20. *Resolución*

Á vista da proposta de resolución, e logo da preceptiva fiscalización do gasto, a persoa titular da Consellería do Mar emitirá resolución motivada pola que se outorguen ou deneguen as subvencións solicitadas. Esta resolución deberá ditarse dentro do ano orzamentario 2026.

Na resolución de concesión informarase a persoa beneficiaria sobre o importe da axuda e o seu carácter de *minimis*, facendo referencia expresa ao Regulamento (UE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e

108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE 28.6.2014, L 190/45).

Artigo 21. Aceptación

No prazo de dez (10) días desde a notificación da resolución, os interesados deberán comunicar a aceptación ou rexeitamento da subvención nas condicións expresadas nela, conforme o anexo IV. De non o faceren, entenderase tacitamente aceptada.

Artigo 22. Recursos

1. As resolucións, expresas ou presuntas, que recaian ao abeiro desta orde, poñerán fin á vía administrativa e, contra elas, poderase interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a persoa titular da Consellería do Mar, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo sexa o caso, ou recurso contencioso-administrativo, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación ou de seis (6) meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo o caso.

Artigo 23. Modificacións

1. Calquera modificación que se pretenda realizar nos investimentos inicialmente previstos, tanto no referente ao orzamento como ás distintas partidas que o compoñen, requirirá a aceptación expresa do órgano concedente e deberá ser posta en coñecemento deste, sempre con anterioridade á súa realización e antes de rematar o prazo de xustificación correspondente.

Non se aprobarán modificacións que impliquen unha minoración do importe subvencionable superior ao 50 % do importe aprobado inicialmente.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais e internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 24. Xustificación e pagamento

1. Os gastos correspondentes poderán xustificarse ata o 31 de outubro de 2026, salvo que nas resolucións de concesión se estableza unha data distinta. Este prazo

poderá prorrogarse por resolución expresa do órgano concedente, de oficio ou logo de solicitude do beneficiario, por causas debidamente motivadas.

2. Para o cobramento da subvención concedida, as entidades beneficiarias deberán presentar a documentación que se sinala a continuación, indicando o número de expediente da resolución de concesión da subvención, no prazo establecido no parágrafo anterior:

a) Xustificación de ter realizado as accións para as cales se concedeu a subvención, mediante os seguintes documentos:

a.1) Informe técnico no que se describa a realización das accións, indicando a localización e coordenadas de todas as actuacións executadas, as unidades de superficie e número de individuos de especies sementadas, segundo proceda. Incluíranse tamén os datos e incidencias máis significativas na súa execución, con reportaxe fotográfica cando sexa procedente, con especial referencia aos obxectivos acadados.

Deberá utilizarse o Modelo M. Xustificación técnica que pode consultarse na páxina web <https://mar.xunta.gal/gl/o-sector/proxectos-colectivos> da Consellería do Mar.

a.2) Relación de custos individualizados por cada actuación, con e sen IVE.

a.3) Facturas correspondentes aos custos sinalados na relación, detalladas ao máximo posible e, polo menos, co mesmo nivel de desagregación dos investimentos que figuren na resolución de outorgamento da axuda.

a.4) Comprobantes bancarios correspondentes aos pagamentos efectuados que xustifiquen a efectiva realización dos gastos e, se é o caso, importe, procedencia e aplicación dos fondos propios ás actividades subvencionadas.

b) No caso de opoñerse expresamente á súa obtención polo órgano xestor: certificación de estar ao corrente no pagamento de obrigas tributarias á AEAT, no pagamento á Seguridade Social e no pagamento das débedas á Administración pública da Comunidade Autónoma.

c) No caso de proxectos solicitados conxuntamente por varias entidades, documento formalizado ante o órgano de xestión no que se recollan os compromisos que correspondan a cada un deles, así como nomeamento de apoderado único.

d) Os tres orzamentos que, de acordo co artigo 7.4 desta orde, e en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario.

e) Documentos de concesións, autorizacións, permisos ou licenzas para levar a cabo os investimentos.

3. No momento da xustificación da execución parcial e total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para o mesmo proxecto, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, así como unha declaración responsable de que se manteñen os requisitos para ser beneficiario, conforme o anexo V.

4. Os servizos correspondentes da Consellería do Mar emitirán certificado sobre o grao de realización do investimento, así como da súa adecuación, tanto ao proxecto que serviu de base para o outorgamento da axuda como aos xustificantes de gasto presentados. Para estes efectos, a entidade beneficiaria deberá comunicar previamente, cunha antelación mínima de 48 horas, a realización das actividades subvencionadas ao servizo correspondente da Consellería do Mar.

Artigo 25. *Pagamento anticipado*

Mediante resolución motivada do órgano concedente, e logo de solicitude dos interesados, poderá autorizarse un anticipo de ata un 50 % da subvención prevista para a anualidade naqueles casos nos que o investimento exixa pagamentos inmediatos. Os pagamentos anticipados están suxeitos á prestación de garantía nos termos sinalados no artigo 26 desta orde.

O pagamento do anticipo terá carácter de ingreso a conta e a súa consolidación estará condicionada á finalización das actividades obxecto da axuda. No caso de que o solicitante non cumpra cos requisitos exixidos, estará obrigado ao reintegro da axuda nos termos previstos nos artigos 37 a 40 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 26. *Garantías*

Segundo o establecido no punto 4.i) do artigo 65 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, os beneficiarios destas axudas quedan exonerados da constitución de garantía.

Artigo 27. *Reintegro*

1. Procederá o reintegro, total ou parcial, da subvención concedida e dos xuros de mora producidos dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de cumprimento parcial relativo á actividade subvencionada, procederase á redución proporcional da subvención concedida ou aboada.

De conformidade co artigo 14.1.n) da citada Lei 9/2007, o importe por reintegrar determinarase de acordo cos seguintes criterios de gradación de posibles incumprimentos das condicións impostas co motivo da concesión das subvencións:

a) O incumprimento da obriga establecida no artigo 5.2.e) de comunicar a obtención doutras axudas, non caso de que sexan incompatibles, dará lugar ao reintegro total da axuda concedida e dos xuros de demora que se teña dereito a percibir desde o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

b) O incumprimento da obriga establecida no artigo 5.2.e) de comunicar a obtención doutras axudas, no caso de que estas sexan compatibles, dará lugar ao reintegro parcial polo exceso de financiamento xunto cos xuros de demora, conforme o establecido no o artigo 23 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

c) O incumprimento das obrigas en materia de publicidade establecidas no artigo 5.2.j), dará lugar a un reintegro parcial do 2 % da axuda concedida.

d) O incumprimento do mantemento dun sistema de contabilidade separado ou unha codificación contable axeitada, segundo o establecido no artigo 5.2.h), dará lugar ao reintegro parcial do 2 % da axuda concedida.

2. Para o devandito procedemento de reintegro terase en conta o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no título V do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 28. *Infraccións e sancións*

As actuacións dos beneficiarios en relación coas axudas obxecto desta orde están sometidas ao réxime de infraccións e sancións do título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 29. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de

administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 30. *Publicidade*

1. Publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), de conformidade co establecido nos artigos 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as subvencións concedidas con suxeición a esta orde, indicando o programa e o crédito orzamentario a que se imputan, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

2. Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da paxina web da Consellería do Mar (<http://mar.xunta.gal>) a relación de entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas.

3. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria

para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 31. *Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 32. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, todas as persoas físicas e xurídicas distintas das indicadas no artigo 3.1 da lei, que prestan servizos públicos ou exerzan potestades administrativas, están obrigadas a subministrarlle á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da devandita lei á que se encontren vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Disposición adicional primeira

En todo o non previsto nesta orde observarase o disposto na normativa mencionada no artigo 2 (marco normativo).

Disposición adicional segunda

Facúltase a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta orde.

Disposición derradeira

Esta orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2025

Marta Villaverde Acuña

Conselleira do Mar